



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 10 DE ABRIL DE 2015

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

Non asisten e se excusan:

PSdeG-PSOE:

D. Iván Méndez García.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 10 de abril de 2015, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2015.

Abre a sesión o Sr. Alcalde manifestando que no borrador da acta da sesión correspondente ao 6 de febreiro figura o Sr. Tojo adscrito ao grupo do PP, o que, obviamente, trátase dun erro. Pregunta así mesmo se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración máis do borrador da acta correspondentes á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación da mesma, aprobándose por unanimidade dos membros presentes a acta da sesión do 6 de febreiro de 2015 coa corrección consistente na adscrición do Sr. Tojo ao grupo do PSdeG-PSOE.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2014: DECRETO DE APROBACIÓN E INFORME DE ESTABILIDADE.

O Sr. Alcalde da conta do decreto de aprobación da liquidación:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confiren os artigos 191 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 90 do RD 500/1990, de 20 de abril, que desenrola a TRFL en materia de presupostos.

Sendo requisito imprescindible a aprobación da liquidación, previo informe da Intervención.

Visto o informe da liquidación e o de estabilidade orzamentaria elaborado polos Servizos de Intervención do Concello de data 11 de febreiro de 2015.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do Orzamento do 2014, no que se puxeron de manifesto as seguintes magnitudes:

<i>Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2014</i>	<i>-51.195,68€</i>
<i>Obrigas pendentes de pago á 31/12/2014</i>	<i>52.635,05€</i>
<i>Resultado presupuestario do exercicio (con axustes)</i>	<i>251.196,53€</i>
<i>Resultado presupuestario do exercicio (sen axustes)</i>	<i>-133.788,03€</i>
<i>Remanente de crédito non comprometido</i>	<i>99.143,37€</i>
<i>Remanente de crédito comprometido</i>	<i>0,00€</i>
<i>Remanente de Tesourería</i>	<i>688.229,18€</i>
<i>Para gastos con financiación afectada</i>	<i>58.376,43€</i>
<i>Para gastos xerais</i>	<i>629.852,75€</i>
<i>Estado de Tesourería: Existencias totais a 31/12/2014</i>	<i>792.059,91€</i>

SEGUNDO: Dar conta da aprobación da liquidación ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

TERCEIRO: Remitir a liquidación do Presuposto á Comunidade Autónoma e á Administración Xeral do Estado.

En Mesía, a 11 de febreiro de 2015.”

Dáse conta así mesmo que, segundo resulta do informe de estabilidade de intervención, *“A liquidación do orzamento do Concello de Mesía do ano 2014, cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, así como coa regra de gasto nos termos previstos no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.”*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Manifesta o Sr. Alcalde que destacaría o estado da tesourería, que ascende a 792.059,91 €, e o remanente de tesourería para gastos xerais, que ascende a 629.852,75 €, que serían recursos a utilizar nos termos que a lexislación o permita.

Pásolle a palabra aos voceiros dos grupos municipais por si queren facer algunha consideración.

Non habendo máis intervencións, os concelleiros quedan enterados.

3. EXPTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2015. INFORME DE ESTABILIDADE. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito (referencia suplemento de crédito SC 01/2015), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e visto o informe de Intervención en relación coa lexislación aplicable e o informe en relación coa estabilidade orzamentaria, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos, mediante suplemento de crédito SC 01/2015, no orzamento do Concello de Mesía para o ano 2015, por importe de 10.004,26€ na aplicación orzamentaria 342.61900, financiado con baixa de créditos de gastos da aplicación orzamentaria 453.61900 do presuposto vixente, non comprometida, e cuxa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo.

Aplicación orzamentaria	Denominación	Consignación inicial	Suplemento de crédito	Consignación final
342.61900	Produción de bens públicos de carácter preferente. Instalacións deportivas. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	10.000,00€	10.004,26€	20.004,26€

- Financiación: Baixa por anulación de créditos de gastos

Aplicación orzamentaria	Denominación	Crédito antes da modificación	Baixa para financiamento do suplemento de crédito	Crédito despois da modificación
453.61900	Actuacións de carácter económico. Infraestruturas. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	50.000,00€	10.004,26€	39.995,74 €

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Mesía, 31 de marzo de 2015. O ALCALDE. Asdo. Mariano Iglesias Castro”

Manifesta o Sr. Alcalde que trátase de suplementar crédito na partida indicada para cumprimentar o 20% do importe correspondente á aportación municipal necesaria para asinar un convenio coa Deputación de cen mil euros para o arranxo do polideportivo de Visantoña, que, como saben, non se pode utilizar debido ao seu estado. Con estas obras esperamos que quede axeitado para o seu uso e disfrute polos veciños.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

4. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE MELLORA, MANTEMENTO E PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO MEDIO NATURAL NOS CONCELLOS DE FRADES E MESÍA.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA Ó PLENO

APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE MELLORA, MANTEMENTO E PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO MEDIO NATURAL NOS CONCELLOS DE FRADES E MESÍA

Visto o convenio de colaboración marco para a xestión compartida do servizo de recuperación e conservación do ambiente nos concellos de Mesía e Frades de data 30 de decembro de 2014, asinado ao abeiro da Orde do 24 de novembro de 2014 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, para o ano 2015, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 230, 01.12.2014), que literalmente di:

“No Concello de Frades, a 30 de decembro de 2014

REUNIDOS:

Os Señores Alcaldes dos dous seguintes concellos:

CONCELLO DE FRADES: Don Roberto Rey Martínez, Alcalde-Presidente

CONCELLO DE MESÍA: Don Mariano Iglesias Castro, Alcalde-Presidente

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 dá Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O artigo 15.4 da Lei 30/1992, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- O artigo 26 LRBRL dispón que os municipios por si ou asociados deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúe o de limpeza viaria (Anexo I onde se recollen os servizos que se asocian), e o artigo 81 LALGA pronúnciase en termos semellantes.

Quinto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA as actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar ós veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Sexto.- Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Sétimo.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación dos servizos de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Oitavo.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Noveno.- Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do seguinte SERVIZO DE MELLORA, MANTEMENTO E PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO MEDIO NATURAL, mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.-



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do servizo de MELLORA, MANTEMENTO E PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO MEDIO NATURAL, a prestar de forma compartida entre os concellos de Frades e Mesía.

Segunda.- Designación do concello representante.-

O Concello representante será Frades, co seu Alcalde-Presidente, D. Roberto Rey Martínez, como persoa designada para actuar ante as administracións ou organismos que sexan necesarios para levar a cabo dito convenio.

Terceira.- Ámbito Territorial.-

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos termos municipais dos Concellos de Frades e Mesía.

Cuarta.- Obxectivos da colaboración e actuacións que se acorden desenvolver para o seu cumprimento.-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa
- Valorizar os recursos dispoñibles

Quinta.- Xestión compartida do servizo.-

A xestión do servizo será realizada polo Concello de Frades e polo Concello de Mesía de forma recíproca e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc.).

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Os traballos a realizar con esta subvención son os de mellora, mantemento e protección do medio ambiente, de xeito que, cada concello actuará nas súas áreas e espazos naturais incluídos no apartado correspondente da memoria. Estes traballos realizaranse cos medios auxiliares de cada concello e compartindo os que se solicitan nesta subvención.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación por un ou polos dous Concellos, na forma que se sinale, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 109.5. do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, que regula a financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que tramitárase un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adjudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse á orde de seu pagamento.

Sexta.- A Comisión Mixta. Coordinación. -

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituírse unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por un representante de cada concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

A Comisión Mixta rexeráse polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

A Comisión mixta ditará ás súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

Ás súas principais funcións serán:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- O seguimento da xestión do servizo.
- Elaborar o orzamento do servizo compartido e sometelo a aprobación dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo.
- A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de adendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

Sétima. - Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas.

Os plenos dos Concellos que pretenden colaborar deberán no prazo máximo de catro meses, proceder á aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta.

Nese mesmo prazo, deberán proceder a modificar, no seu caso, as Ordenanzas e regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da Comisión.

Oitava. Medios persoais e materiais.-

Os dous Concellos sinalan en Anexo II os medios persoais e materiais que dedicará á realización das actividades materias, técnicas ou de servizos que constitúen o obxecto da xestión compartida.

Novena.- Subvencións e axudas.-

Para a xestión do servizo poderán solicitarse as axudas que se convoquen polas diferentes Administracións Públicas para o mesmo ámbito de actuación.

As solicitudes e xestión de subvencións e axudas para o servizo será proposta pola Comisión Mixta e solicitada polo Concello encomendado ou ben na forma que se determine nos termos da convocatoria correspondente.

Nestes casos o caso farase constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante do presente convenio, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. En calquera caso, deberá nomearse un representante o apoderado único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

Décimo.- Financiamento.-

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

O reparto será dun cincuenta por cento para cada Concello, correspondente coa cantidade de 54.000 € cada un deles.

Cada concello será responsable da exacción das taxas que se xeren pola prestación do servizo non seu termo municipal.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Décimo Primeira.- Causas de resolución.-

O presente convenio resolverase:

- a) Por denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que ou regulan.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

c) *Polo vencemento do prazo de vixencia*

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

Décimo Segunda.- Vixencia do Convenio.-

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata a disolución da agrupación segundo prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo Terceira.- Natureza do Convenio.-

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo Cuarta.- Compromiso solidario de execución e aplicación solidaria da subvención.-

Segundo o presente convenio os Concellos de Frades e de Mesía teñen o compromiso solidario de execución e aplicación solidaria da subvención.

Décimo Quinta.- Compromiso de non disolver a agrupación.-

O Concello de Frades e de Mesía adquiren o compromiso de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo Sexta.- Normativa aplicable.-

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

Décimo Sétima.- Xurisdición competente.-

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdicional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento.

ANEXO I

- *Mantemento de vías públicas*
- *Actuacións de recuperación e protección do medio ambiente en espazos naturais, áreas recreativas e rutas de sendeirismo.*

ANEXO II

- *Medios persoais:*
Mesía: 1 peón xardinería, 1 peón condutor e 1 peón.
Frades: 1 tractorista e 1 peón condutor.
- *Medios materiais:*

MEDIOS MATERIAIS FRADES	MEDIOS MATERIAIS MESÍA
<i>Tractor</i>	<i>Tractor</i>
<i>Tractor</i>	<i>Desbrozadora</i>
<i>Desbrozadora</i>	<i>Desbrozadora</i>
<i>Desbrozadora</i>	<i>Corta setos</i>
<i>Motoserra</i>	<i>Motoserra</i>

Por todo o anteriormente exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ÚNICO.- *Aprobar o convenio de colaboración marco para a xestión compartida do servizo de mellora, mantemento e protección do ambiente e do medio natural nos concellos de Frades e Mesía.*

Mesía, 7 de abril de 2015. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro

Manifesta o Sr. Alcalde que este convenio é como os que xa se trouxeron nos dous exercicios anteriores para optar a unha subvención do Fondo de Compensación Ambiental. O obxecto da solicitude son traballadores para actuacións en zonas verdes e unha desbrozadora.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

5. MOCIÓNS.

En primeiro lugar, manifesta o Sr. Alcalde que o seu grupo vai plantexar unha moción por vía de urxencia, xa que non houbo tempo de introducila na orde do día. En todo caso, achégolles agora mesmo unha copia dela para que poidan lela. O seu obxecto é o rexeitamento á privatización do Rexistro Civil.

Vótase de seguido a urxencia, acadando unanimidade de votos a favor dos concelleiros presentes.

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Sánchez, que lee a moción que, de seguido, se transcribe:

“MOCIÓN DE REXEITAMENTO Á PRIVATIZACIÓN DO REXISTRO CIVIL

O Grupo Socialista do Concello de Mesía, ao amparo do disposto nos artigos 91.4. e 97.3. do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta ante o Pleno Corporativo a seguinte Moción de Rexeitamento á privatización do Rexistro Civil, para o seu debate e aprobación, se procede, de acordo co seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Rexistro Civil é un servizo público e gratuíto para todos os cidadáns dende 1870, encargado de deixar constancia dos feitos ou actos relativos ao estado civil das persoas naturais, así como outros que as leis lle encomenden. No cal se inscriben os nacementos, a filiación, o nome e apelido das persoas, os falecementos reais ou presuntos, os matrimonio, o rexistro das gardas, a patria potestade, as emancipacións e as nacionalización. Isto implica que calquera cidadán ten que realizar trámites ante o dito rexistro obrigatoriamente polo menos tres ou catro veces na súa vida.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O Rexistro Civil foi modernizado no ano 2011 coa dixitalización de todos os libros do rexistro dende o ano 1950, o que supuxo un investimento de 129 millóns de euros, cantidade que pagamos todos os cidadáns, facilitándose o traballo e mellorando a calidade do servizo, que na actualidade é un dos mellor valorados dentro da Administración de Xustiza.

O Ministerio de Xustiza pretende a supresión dos actuais Rexistros Cívís coa definitiva entrada en vigor da Lei 20/2014, de 11 de xullo, do Rexistro Civil, e transferir a competencia dos trámites e certificacións aos Rexistros Mercantís e/ou Rexistradores da Propiedade, e algunhas outras, como a celebración de matrimonios, aos Notarios, o que suporá que todos os cidadáns terán que pagar un arancel aos Rexistradores ou Notarios, polas partidas de nacemento, defunción, matrimonio e todo tipo de actos que actualmente son gratuítos e que afectan á esfera máis íntima de dereitos e vontades dos cidadáns, e tendo en conta que todos os cidadáns facemos uso deste servizo varias veces ao longo da nosa vida, vai supor un incremento innecesario e inxustificado para os nosos xa maltreitos petos. Nese proxecto, loxicamente, non se establecen as contías dos aranceis a cobrar, pero de todos é sabido que non se caracterizan precisamente por ser económicos.

Máis gravosa é se cabe a situación que se xerará nas poboacións máis pequenas, nas que actualmente as funcións de Rexistro Civil efectúanse dende o Xulgado de Paz, xa que a maioría delas non existen Rexistradores nin Notarios, polo que isto obrigará aos cidadáns, ao marxe do lugar onde residan, a desprazarse aos escasos Rexistros Mercantís existentes en Galicia ou ás futuras Oficinas Xerais do Rexistro Civil, cuxo emprazamento se ignora (probablemente nas capitais provinciais, segundo prevé o Proxecto Lei de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil). Ademais Galicia conta cunha poboación notablemente avellentada e dispersa en máis de 30.000 núcleos de poboación, a metade de todos os existentes en España, sen que moitos deles contén actualmente coa tecnoloxía necesaria para implantar a prevista plataforma electrónica.

Outro dos puntos máis delicados da reforma rexistral é o risco que poida implicar para a intimidade e a privacidade das persoas. Os funcionarios que presentan servizo na actualidade no Rexistro Civil teñen deber de protección de datos, se isto pasa a mans privadas como se vai a garantir isto. A posibilidade que unha entidade privada teña ao seu alcance un alto volume de información de cada cidadán con tan só teclear o DNI é un perigo.

Por outro lado, a Fegamp acordou, na súa Comisión Executiva celebrada o 18.03.2015, tal e como comunicou ao Director Xeral dos Rexistros e do Notariado do Goberno de España, o mantemento dos servizos e funcións rexistrais cívís no ámbito municipal máis próximo encomendándose os ditos servizos aos Xulgados de Paz, elo sen prexuízo de considerar, en atención á nova natureza administrativa do Rexistro Civil, e para os municipios sen Xulgados de Paz, a colaboración ou participación municipal, co conseguinte financiamento que establece a Lei 27/2013 de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, no desempeño destas funcións rexistrais máis alá das previsións actualmente recollidas no artigo 22.2 da Lei 20/2011 e na liña xa existente en países do noso entorno tales como Francia e Italia.

ACORDOS



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Por todo o cal, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Mesía formula a seguinte MOCIÓN a fin de que o Pleno se pronuncie sobre a esta e adopte os seguintes ACORDOS:

1.º Este Concello mostra o seu rexeitamento máis absoluto a que o cidadán teña que pagar por un servizo que dende hai 150 anos vén realizando de forma gratuíta e eficaz.

2.º Este Concello adhírese ao acordo adoptado pola Fegamp sobre o mantemento dos servizos e funcións rexistrais civís no ámbito municipal na súa Comisión Executiva do día 18.03.2015.

3.º Dar traslado deste acordo á Fegamp e ao Sr. Ministro de Xustiza, instándolle a este que dea marcha atrás nas súas pretensións de privatizar os Rexistros Civís e que continúen sendo un Servizo Público e de calidade, como até agora.

Mesía, 9 de abril de 2015. Asdo.: Mariano Iglesias Castro”

O Sr. Alcalde pasa a palabra ao Sr. Álvarez, quen manifesta que todo isto ten a súa compoñente política, pero parécenos razoable xa que non nos parece ben que os veciños teñan que pagar por este servizo. En todo caso hai temas matizables, como a obrigatoriedade da protección de datos aínda que se xestionase de xeito privado.

Non habendo máis intervencións, sométese a moción a votación, acadando o seguinte resultado: voto a favor de todos os concelleiros presentes.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (21/2015 a 87/2015).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACIÓN DE DECRETOS DO 21 Ó 87 DO ANO 2015			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
21	Economía e facenda	Execución do gasto	02/02/2015
22	Sen contido		
23	Economía e facenda	Execución do gasto	02/02/2015
24	Urbanismo	Desestimación recurso de reposición expte. O.E. 6/2014	02/02/2015
25	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión plenaria	02/02/2015
26	Obras e Urbanismo	Inicio expte. de contratación C 01/2015	02/02/2015
27	Obras e Urbanismo	Inicio expte. de contratación C 02/2015	02/02/2015
28	Obras e Urbanismo	Inicio expte. de contratación C 03/2015	02/02/2015
29	Obras e Urbanismo	Aprobación expte. de contratación C 01/2015	03/02/2015
30	Obras e Urbanismo	Aprobación expte. de contratación C 02/2015	03/02/2015
31	Obras e Urbanismo	Aprobación expte. de contratación C 03/2015	03/02/2015
32	Servizos Sociais	Baixa usuario SAF	03/02/2015
33	Economía e facenda	Execución do gasto	06/02/2015
34	Economía e facenda	Execución do gasto	10/02/2015



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

RELACIÓN DE DECRETOS DO 21 Ó 87 DO ANO 2015

Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
35	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión da Xunta de Goberno Local	10/02/2015
36	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar axuda a domicilio	11/02/2015
37	Axudas veciñais	Convocatoria axuda nacemento fillo	11/02/2015
38	Economía e facenda	Aprobación liquidación do presuposto 2014	11/02/2015
39	Servizos sociais	Modificación intensidade SAF a usuario	12/02/2015
40	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda a domicilio	12/02/2015
40-bis	Economía e facenda	Xeración de Crédito 01/2015	13/02/2015
41	Servizos Sociais	Baixa e modificación intensidade usuarios SAF	16/02/2015
42	Persoal	Modificación xornadas laborais aux. axuda a domicilio	16/02/2015
43	Axudas veciñais	Baixa usuarios axuda de alimentos	18/02/2015
44	Economía e facenda	Execución do gasto	19/02/2015
45	Obras e Urbanismo	Requirimento expte. de contratación C 01/2015	19/02/2015
46	Obras e Urbanismo	Requirimento expte. de contratación C 02/2015	19/02/2015
47	Obras e Urbanismo	Requirimento expte. de contratación C 03/2015	19/02/2015
48	Persoal	Recoñecemento 9º trienio Inés Sánchez del Río	20/02/2015
49	Persoal	Solicitud subvención socorrista	20/02/2015
50	Persoal	Solicitud subvención cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais	20/02/2015
51	Axudas veciñais	Baixa usuario axuda alimentos	23/02/2015
52	Servizos Sociais	Baixa usuario SAF	24/02/2015
53	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión da Xunta de Goberno Local	24/02/2015
54	Economía e facenda	Execución do gasto.	26/02/2015
55	Economía e facenda	Execución do gasto.	27/02/2015
56	Servizos sociais	Alta usuario SAF	02/03/2015
57	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	02/03/2015
58	Economía e facenda	Execución do gasto.	02/03/2015
59	Economía e facenda	Execución do gasto	03/03/2015
60	Obras e Urbanismo	Adxudicación expte. de contratación C 01/2015	04/03/2015
61	Obras e Urbanismo	Adxudicación expte. de contratación C 02/2015	04/03/2015
62	Obras e Urbanismo	Adxudicación expte. de contratación C 03/2015	04/03/2015
63	Economía e facenda	Aprobación liquidación SAF xaneiro 2015	06/03/2015
64	Economía e facenda	Execución do gasto	06/03/2015
65	Urbanismo	Concesión licenza 1ª ocupación expte. OM 11/2013	06/03/2015
66	Acción veciñal	Concesión axuda por nacemento de fillo	06/03/2015
67	Economía e facenda	Aprobación plan presupostaria 2016-2018	09/03/2015
68	Economía e facenda	Execución do gasto	09/03/2015
69	Economía e facenda	Execución do gasto	10/03/2015
70	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión Xunta de Goberno Local	10/03/2015
71	Economía e facenda	Aprobación liquidación SAF febreiro 2015	12/03/2015
72	Economía e facenda	Execución do gasto	13/03/2015
73	Acción veciñal	Concesión axuda económica por nacemento de fillo	16/03/2015
74	Persoal	Modificación xornadas aux. axuda a domicilio	19/03/2015
75	Subvencións	Concesión subvención viaxe alumnos 4º ESO do CPI Xanceda	23/03/2015
76	Urbanismo	Inicio expte. de contratación C04/2015	23/03/2015
77	Urbanismo	Aprobación expte. de contratación C04/2015	24/03/2015
78	Economía e facenda	Execución do gasto	24/03/2015
79	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión Xunta de Goberno Local	24/03/2015
80	Economía e facenda	Execución do gasto	26/03/2015
81	Economía e facenda	Execución do gasto	27/03/2015
82	Servizos sociais	Modificación intensidade usuario SAF	27/03/2015
83	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda a domicilio	27/03/2015



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

RELACIÓN DE DECRETOS DO 21 Ó 87 DO ANO 2015			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
84	Economía e facenda	Execución do gasto	27/03/2015
85	Economía e facenda	Pago a xustificar	27/03/2015
86	Servizos sociais	Solicitud de subvención servizos sociais comunitarios 2015	30/03/2015
87	Economía e facenda	Execución do gasto	30/03/2015

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 29 DE XANEIRO, 12 E 26 DE FEBREIRO E 12 DE MARZO DE 2015.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten a aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo rogos e preguntas, o Sr. Álvarez pide a palabra ao Sr. Alcalde, que lla concede.

Manifesta o Sr. Álvarez que quero aproveitar este último Pleno ordinario para despedirme formalmente da Institución, agradecendo á xente que nos votou, sendo un honor para min representalos, á miña compañeira de grupo, pola súa lealdade e compañeirismo, a todos os membros da Corporación, polo seu trato amable e educado máis alá do rifirafe político. Tamén quero pedir desculpas si polas miñas intervencións alguén puido sentirse ofendido, o que seguro nunca foi miña intención. Tamén quero agradecer ao persoal do concello, aquí representado polo secretario da Corporación, a súa actitude e deferencia para coa miña persoa, e tamén agradecer ao Sr. Alcalde, como máximo representante da Institución, o seu trato sempre correcto e axeitado, e á persoa, Mariano, polas súas mostras de compañeirismo a nivel persoal en circunstancias persoais concretas. Xa para rematar, manifestar que sigo sendo veciño deste concello e seguirei estando ao servizo do concello e desta Corporación. Moitas grazas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que en nome meu e da Corporación, sentímonos alagados polas súas verbas, ese sentimento é recíproco, e gustaríame reseñar que nestas dúas lexislaturas sempre advertimos, pola súa parte e polo seu grupo, en asuntos como o Plan Xeral, un exercicio de responsabilidade que non se da con frecuencia.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Polo tanto, o agradecemento é mutuo e, neste ámbito de cordialidade pasamos a pedirlle o voto.

Manifesta o Sr. Álvarez que máis alá da cordialidade e de que ten abertas as portas da miña casa, xa sabe cales son as miñas ideas.

Manifesta o Sr. Alcalde que en todo caso estámoslle moi agradecidos.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,